Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 29 DE OUTUBRO DE 2026 | JUEVES, 29 DE OCTUBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 207

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Recursos Humanos. Sección de Planificación de Recursos Humanos

Bases específicas da convocatoria para a cobertura de catro (4) prazas de técnico/a de administración xeral (A1) correspondentes ás Ofertas de Emprego Público de 2025 e 2026

ANUNCIO

RESOLUCIÓN NÚMERO 2026/43564, DO 9 DE OUTUBRO, POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA DELEGADA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CON APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA PARA COBERTURA DE CATRO (4) PRAZAS DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (A1) CORRESPONDENTES ÁS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DE 2025 E 2026

Por Resolución número 2026/43564, do 9 de outubro, o Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Valentín González Formoso, avocou a competencia delegada na Xunta de Goberno e aprobou na súa parte dispositiva as bases específicas da convocatoria de catro (4) prazas de técnico/a de administración xeral (A1) correspondentes ás Ofertas de Emprego Público de 2025 e 2026, como se indica de seguido. Esta resolución foi validada pola resolución número 2026/46251, do 26 de outubro de 2026.

Bases específicas da convocatoria de catro (4) prazas de técnico/a de administración xeral (A1) correspondentes dúas (2) á Oferta de Emprego Público 2025 e, dúas (2) á Oferta de Emprego Público 2026 da Deputación provincial da Coruña.

I.- Normas xerais

I.1. É obxecto das presentes bases a regulación específica da convocatoria para a cobertura en propiedade como persoal funcionario de carreira de catro (4) prazas de técnico/a de administración xeral da Excma. Deputación Provincial de A Coruña (grupo A, subgrupo A1, escala de administración xeral, subescala técnica), incluídas nas Ofertas de Emprego Público 2025 e 2026, das cales unha (1) cubrirase por promoción interna e outras tres (3) por quenda de acceso libre. Se a praza convocada pola quenda de promoción interna non se cobre, acumularase á de acceso libre.

O sistema de selección será o de oposición libre para a quenda libre e de concurso-oposición para a de promoción interna.

I.2. Para o desenvolvemento do proceso selectivo teranse en conta as previsións específicas contidas nestas bases así como as Bases Xerais publicadas no Boletín Oficial da provincia da Coruña número 112, do 16 de xuño de 2026.

I.3. De acordo co disposto na Orde PRE/1822/2025, do 23 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao empregado público de persoas con discapacidade, os aspirantes con discapacidade poderán pedir na súa solicitude as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios das probas do proceso selectivo, a fin de asegurar a súa participación en condicións de igualdade. En caso de solicitar a adaptación, deberán achegar, ademais do certificado do grao de discapacidade, o Ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao da discapacidade, acreditando as deficiencias permanentes que deron orixe ao grao da discapacidade recoñecida, para os efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

II. Requisitos. Titulación

As persoas aspirantes deberán reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira, os requisitos xerais esixidos na Base Xeral sétima.

II.1. Quenda de promoción interna.

II.1.1. Os requisitos xerais esixidos na Base Xeral Sétima.

II.1.2. Respecto á titulación esixida, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de grao ou licenciatura en Dereito, Económicas, Políticas ou Empresarias, Intendente mercantil ou Actuario equivalente, ou en condicións de obtelo antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

Número de anuncio 2026/6997

II.1.3. Pertencer como persoal funcionario de carreira da Deputación provincial da Coruña, integrado no Grupo A, Subgrupo A2, Escala de Administración Xeral, Subescala de xestión.

II.1.4. Ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo como persoal funcionario de carreira na Deputación provincial da Coruña no subgrupo A2, computados ata a data de finalización do prazo de presentación de instancias.

II.2. Quenda Libre.

II.2.1. Os requisitos xerais esixidos na Base Xeral Sétima.

II.2.2. Respecto á titulación esixida, as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de grao ou licenciatura en Dereito, Económicas, Políticas ou Empresarias, Intendente mercantil ou Actuario equivalente, ou en condicións de obtelo antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

III. Solicitudes. Documentación

III.1. De acordo co previsto na Base Xeral décima, ao amparo do Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, as persoas aspirantes deberán presentar a súa solicitude de forma telemática a través da sede electrónica da Deputación provincial da Coruña, no Portal de Emprego Público CONVOCA, accesible na ligazón https://dacoruna.convoca.online. A inscrición realizarase de acordo coas instrucións que se indican, sendo necesario identificarse mediante a plataforma de identificación e sinatura electrónica Cl@ve, en calquera das súas modalidades.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais, a contar desde a seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no "Boletín Oficial do Estado".

III.2. Se a persoa aspirante non presentase a súa solicitude de forma electrónica, resultará excluída na relación provisional de persoas admitidas e, se non emendase no prazo concedido para o efecto, quedará definitivamente excluída do proceso selectivo.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para estes efectos considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a corrección.

III.3. O órgano competente poderá acordar a cumplimentación substitutoria en papel cando unha incidencia técnica debidamente acreditada imposibilite o funcionamento ordinario dos sistemas.

III.4. Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente, sen prexuízo de que se poidan requirir cando motivos técnicos debidamente xustificados imposibiliten a realización da consulta telemática, os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- DNI/NIE ou documento fidedigno en vigor que acredite a identidade e nacionalidade da persoa aspirante.
- Titulación esixida na Base específica puntos II.1 e II.2.
- Acreditación da condición de membro de familia numerosa de carácter especial ou xeral, respectivamente, conforme ao disposto na Base específica IV.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Á solicitude telemática de participación no proceso selectivo deberá anexarse a seguinte documentación:

- Acreditación do pago da taxa correspondente, nos termos da Base específica IV, agás que estean exonerados totalmente pola condición acreditada de familia numerosa de categoría especial.
- Certificado de lingua galega 4 (Celga 4) ou título equivalente debidamente homologado, a efectos de acreditar quedar exento/a do exercicio correspondente.
- Para as persoas aspirantes pola quenda de promoción interna tamén deberán achegar anexada á solicitude telemática de participación, a documentación acreditativa dos méritos baremables alegados na solicitude de participación, salvo que se aleguen servizos prestados na Deputación provincial da Coruña, nese caso non será necesaria a acreditación documental se na súa solicitude autoriza a comprobación de oficio, de conformidade co establecido na Base específica V.2.

Número de anuncio 2026/6997

IV. Pago da taxa por dereitos de exame.

Estarase ao disposto na Base Xeral décimo primeira e ao previsto nestas Bases específicas:

IV.1. Segundo a Ordenanza fiscal número 3 da Deputación provincial da Coruña, reguladora da taxa por dereitos de exame, para participar no proceso selectivo deberanse satisfacer os dereitos de exame, na contía que se indica

GRUPO/SUBGRUPO	IMPORTE DA TAXA
A1	32,10 €

Será causa de exención total ou parcial no pago da taxa a condición de membro de familia numerosa de carácter especial ou xeneral, respectivamente. Para os membros de familia numerosa de carácter xeral establécese unha bonificación do 50% do importe da taxa.

IV.2. A acreditación do pago da taxa realizarase:

- En caso de pago telemático, achegando o xustificante de pago correspondente no apartado habilitado para o efecto na inscrición telemática ao proceso selectivo.
- En caso de pago presencial en calquera das entidades colaboradoras (Abanca, BBVA, Banco Sabadell, Banco Santander e Caixabank), achegando da mesma maneira o documento validado pola entidade colaboradora a través de certificación mecánica ou, na súa falta, co selo e firma autorizada no espazo reservado para estes efectos.

V. Sistema de selección

O sistema de selección será o de oposición para a quenda de acceso libre, e de concurso-oposición para a quenda de promoción interna.

A orde de actuación das persoas aspirantes iniciarase por aquelas cuxo primeiro apelido comece pola letra "M" (Resolución de 22 de xaneiro de 2026, publicada no Diario Oficial de Galicia número 16 de 26 de xaneiro de 2026), de acordo coa Base Décimo cuarta das Bases Xerais.

Esa letra terase en conta tamén a efectos de último criterio de desempate de puntuacións.

V.1. Quenda de acceso libre

O sistema de selección será o de oposición.

A fase de oposición consistirá na superación de catro exercicios, todos eles de carácter obrigatorio e eliminatorio, fóra do cuarto exercicio do que quedarán exentas as persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente. A cualificación final desta fase de oposición virá determinada pola suma total das puntuacións obtidas.

As referencias normativas do programa que rexe o proceso selectivo entenderanse feitas ás disposicións vixentes na data da publicación no BOP destas Bases específicas.

Para a realización dos exercicios os aspirantes utilizarán exclusivamente bolígrafo azul ou negro.

Primeiro exercicio

Consistirá na contestación, nun tempo máximo de dúas horas, dun cuestionario tipo test de 100 preguntas (máis outras dez preguntas de reserva) con 3 respostas alternativas, das que só unha será correcta, sobre os temas incluídos no programa anexo.

A puntuación será de 0 a 15 puntos. Cada pregunta correcta obterá unha puntuación de 0,15 e cada pregunta incorrecta descontará 0,05 puntos. As preguntas non contestadas ou nulas non se computan.

Superarán o exercicio as persoas aspirantes que obteñan as mellores puntuacións ata completar o número de persoas aspirantes determinado polo resultado de multiplicar por vinte (20) o número de prazas obxecto desta convocatoria, sempre que alcancen unha puntuación mínima de 7,50 puntos.

Con todo, no caso de que unha ou varias persoas aspirantes empaten na súa puntuación con aquela que, segundo o previsto no parágrafo anterior, obtivese a puntuación máis baixa de entre as mellores puntuacións, incluiranse na relación de persoas aspirantes que superaron o exercicio.

Publicarase a plantilla provisional de respostas ás preguntas formuladas (incluídas as de reserva) no Portal de Emprego Público CONVOCA da sede electrónica da Deputación Provincial.

Número de anuncio 2026/6997

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións á plantilla provisional nun prazo de 3 días hábiles a contar desde o día seguinte á súa publicación no Portal de Emprego Público CONVOCA.

Unha vez que o Tribunal resolvese as alegacións presentadas, no seu caso, á plantilla provisional, publicaranse no Portal de Emprego Público CONVOCA a plantilla definitiva de respostas e a puntuación obtida polas persoas aprobadas neste primeiro exercicio.

Segundo exercicio

Consistirá en resolver por escrito, nun tempo máximo de dúas horas e utilizando un espazo limitado para a exposición, 5 preguntas curtas sobre as materias do programa Anexo nunha cara de folio cada presunta.

A puntuación será de 0 a 15 puntos, a razón de 3 puntos como máximo para cada resposta dada a cada unha das preguntas formuladas.

Superarán o exercicio as persoas aspirantes que obteñan unha puntuación mínima de 7,50 puntos.

Para a realización desta exercicio non se poderá utilizar ningún documento de consulta nin medios dixitais ou telemáticos.

O exercicio cualificarase valorando os coñecementos, a claridade e orde de ideas e a calidade da expresión, así como a súa forma de presentación e exposición.

Terceiro exercicio

Consistirá en resolver, nun tempo máximo de tres horas, un ou varios supostos prácticos relacionados co programa anexo.

Para a súa realización só se permitirá utilizar como documentos de consulta textos legais ou xurisprudenciais en formato papel, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

A puntuación será de 0 a 15 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 7,50 puntos.

Neste exercicio valorase a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Cuarto exercicio

Consistirá na tradución, nun tempo máximo dunha hora, dun texto de castelán a galego e outro de galego a castelán, a proposta do Tribunal.

A cualificación será de apto ou non apto.

Estarán exentos deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do Certificado de Lingua galega 4 (Celga 4) ou título equivalente debidamente homologado de acordo coa Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Diario Oficial de Galicia, número 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (Diario Oficial de Galicia, número 34, do 19 de febreiro).

Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o Tribunal fará pública na sede electrónica desta Deputación Provincial, a través da plataforma Convoca (https://dacoruna.convoca.online/), a relación das persoas aspirantes que acadasen o mínimo esixido para superalo coa indicación da puntuación obtida.

En caso de empate na puntuación final, aplicaranse a seguinte orde de criterios de desempate:

1. Maior puntuación en cada un dos exercicios, pola orde establecida na convocatoria.

2. Preferencia pola persoa aspirante do sexo feminino, no caso de verificarse a súa infrarrepresentación no corpo, escala, grupo ou categoría obxecto da convocatoria, sempre que concorran méritos iguais entre dúas ou máis persoas candidatas. Entenderase que existe infrarrepresentación cando se constate unha diferencia porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes. Esta preferencia aplicarase agás que, considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ambos sexos, existan motivos non discriminatorios que xustifiquen a preferencia por outra persoa aspirante.

3. Por orde alfabética do primeiro apelido das persoas aspirantes, comezando pola letra “M” (Resolución de 22 de xaneiro de 2026, publicada no Diario Oficial de Galicia número 16 de 26 de xaneiro de 2026), de acordo coa Base Décimo cuarta das Bases Xerais.

V.2. Quenda de promoción interna.

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

Número de anuncio 2026/6997

V.2.1. Fase de concurso

A fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio nin poderá ser tida en conta para superar as probas da fase de oposición, consistirá na avaliación po parte do tribunal dos méritos baremables que concorran en cada unha das persoas aspirantes que superaron os exercicios de oposición, referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Unicamente serán obxecto de valoración os méritos alegados e debidamente acreditados polas persoas aspirantes dentro do prazo de presentación de solicitudes.

A acreditación dos méritos acompañarase á solicitude de participación no proceso selectivo.

A consideración dos méritos estará orientada a valorar a idoneidade dos candidatos para cumprir coas funcións propias do corpo e escala de destino, en relación coas características das prazas convocadas.

Con este obxecto, valoraranse ata un máximo de cinco (5) puntos e segundo o seguinte baremo:

A).- Servizos prestados.

Valoraranse ata un máximo de catro (4) puntos os servizos prestados a razón de:

- 0,1 puntos por cada mes, ou fracción superior a 15 días, de servizos prestados como técnico/a de xestión de administración xeral (A2) en calquera administración pública.

A puntuación da experiencia profesional estará referida a xornada completa, en caso de xornada a tempo parcial, outorgarase a puntuación proporcional correspondente, salvo os servizos prestados durante o período en que goce dunha redución de xornada por algunha das causas legalmente previstas por conciliación da vida familiar e laboral, que serán valorados como servizos prestados en réxime de xornada completa.

Para estes efectos considéranse servizos efectivos os prestados en situación de servizos especiais e de excedencia por coidado de fillos/as e familiares, excedencia por razón de violencia de xénero e excedencia por razón de violencia terrorista.

No caso de que se aleguen servizos prestados na Deputación provincial da Coruña, non será necesaria a acreditación documental se a persoa aspirante autoriza a comprobación de oficio polo Servizos de planificación e Xestión de Recursos Humanos.

Os servizos prestados noutras Administracións Públicas acreditaranse mediante certificado de vida laboral, expedido pola Tesourería da Seguridade Social, e certificado expedido polo órgano correspondente, no que deberá constar o período dos servizos prestados e a categoría profesional.

Computaranse os servizos recoñecidos polo órgano competente de conformidade co establecido na Lei 70/1978, do 26 de decembro, de recoñecemento de servizos previos na Administración Pública.

B).- Formación.

Valoraranse a 0,01 puntos/hora, ata unha puntuación máxima de 1 punto, as accións formativas ou os cursos de formación impartidos ou recibidos pola persoa aspirante cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto de convocatoria así como os considerados transversais polo seu interese para todos os postos, tales como os relacionados coa prevención de riscos laborais, a igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, de galego, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimático, entre outros, sempre que sexan convocados, impartidos ou homologados pola Administración Pública, e demais organismos do sector público; o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP), a Escola Galega de Administración Pública (EGAP), institucións de formación similares do Estado ou Comunidades Autónomas; organizacións sindicais ou outros axentes promotores dentro do Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (Afedap), Universidades e Colexios Profesionais.

Non se computarán a efectos de valoración aqueles cursos ou ensinanzas que formen parte do plan de estudos correspondente á titulación académica esixida como requisito de participación no proceso selectivo.

En caso de estar en posesión de distintos diplomas ou títulos referidos á mesma materia, valorarase unicamente o nivel más alto de formación e, dentro do mesmo nivel, o da data máis recente.

Os méritos por cursos de formación acreditaranse co correspondente diploma ao título. Non serán obxecto de valoración en ningún caso aquelas accións formativas ou cursos nos que non conste expresamente o número de horas de duración.

Dentro deste apartado de formación, valoraranse cunha puntuación de 0,50 puntos (ata o límite máximo de 1 punto de apartado B) as titulacións académicas oficiais de carácter superior á esixida como requisito, sempre que estean directamente relacionadas coas prazas convocadas.

Número de anuncio 2026/6997

En ningún caso a puntuación obtida na fase de concurso poderá aplicarse para superar os exercicios da fase de oposición.

Publicación das puntuacións obtidas en fase de concurso:

O Tribunal fará pública na sede electrónica desta Deputación Provincial, no Portal de Emprego Público CONVOCA (https://dacoruna.convoca.online), a puntuación provisional outorgada a cada persoa aspirante e concederase un prazo de 5 días hábiles para a presentación de alegacións ou reclamacións, e de 10 días hábiles no caso de que se lle reclame a presentación de documentación.

Transcorrido este prazo, o Tribunal resolverá as alegacións ou reclamacións presentadas e, en caso de non realizarse ningunha, consideraranse definitivas as puntuacións outorgadas.

A puntuación definitiva farase pública, así mesmo, na sede electrónica desta Deputación provincial, no Portal Emprego Público CONVOCA (htpps://dacoruna.convoca.online).

V.2.2. Fase de oposición.

A fase de oposición consistirá na superación de tres exercicios, todos eles de carácter obrigatorio e eliminatorio, fóra do terceiro exercicio do que quedarán exentas as persoas aspirantes que acrediten estar en posesión do Celga 4 ou equivalente. A cualificación final desta fase de oposición virá determinada pola suma total das puntuacións obtidas.

As referencias normativas do programa que rexe o proceso selectivo entenderanse feitas ás disposicións vixentes na data da publicación no Boletín Oficial da Provincia destas Bases específicas.

Para a realización dos exercicios os aspirantes utilizarán exclusivamente bolígrafo azul ou negro.

Primeiro exercicio

Consistirá na contestación, nun tempo máximo de dúas horas, dun cuestionario tipo test de 100 preguntas (máis dez preguntas de reserva) con 3 respostas alternativas, das que só unha será correcta, sobre os temas incluídos no programa anexo.

A puntuación será de 0 a 15 puntos. Cada pregunta correcta obterá unha puntuación de 0,15 e cada pregunta incorrecta descontará 0,05 puntos. As preguntas non contestadas ou nulas non se computan.

Superarán o exercicio as persoas aspirantes que alcancen unha puntuación mínima de 7,50 puntos.

Unha vez realizado este exercicio, publicarase a plantilla provisional de respostas ás preguntas formuladas (incluídas as de reserva) no Portal de Emprego Público CONVOCA da sede electrónica da Deputación Provincial.

As persoas aspirantes poderán presentar, nun prazo de tres días hábiles, alegacións á plantilla provisional de respostas ás preguntas formuladas (incluídas as de reserva) no Portal de Emprego Público CONVOCA.

Unha vez que o tribunal resolvese as alegacións presentadas, no seu caso, á plantilla provisional, publicaranse no Portal de Emprego Público CONVOCA a plantilla definitiva de respostas e a puntuación obtida polas persoas aprobadas neste primeiro exercicio.

Segundo exercicio

Consistirá en resolver, nun tempo máximo de tres horas, un ou varios supostos prácticos relacionados cos temas do programa anexo.

Para a súa realización só se permitirá utilizar como documentos de consulta textos legais ou xurisprudenciais en formato papel, non permitíndose o manexo de textos comentados nin libros de formularios.

A puntuación será de 0 a 15 puntos, sendo necesario para aprobar obter un mínimo de 7,50 puntos.

Neste exercicio valorarase a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados.

Terceiro exercicio

Consistirá na tradución, nun tempo máximo dunha hora, dun texto de castelán a galego e outro de galego a castelán, a proposta do Tribunal.

A cualificación será de apto ou non apto.

Estarán exentos deste exercicio os aspirantes que acrediten estar en posesión do Certificado de Lingua galega 4 (Celga 4) ou título equivalente homologado de acordo coa Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Diaria Oficial de Galicia, número 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (Diario Oficial de Galicia, número 34, do 19 de febreiro).

Número de anuncio 2026/6997

Concluído cada un dos exercicios da fase de oposición, o Tribunal fará pública na sede electrónica desta Deputación provincial, a través da plataforma CONVOCA (https://dacoruna.conovca.online/) a relación das persoas aspirantes que acadasen o mínimo esixido para superalo coa indicación da puntuación obtida. Posteriormente valorarase a fase do concurso unicamente dos aspirantes que superaron a fase de oposición.

V.2.3. Cualificación definitiva

Será a suma das puntuacións obtidas na fase de concurso e na fase de oposición.

En caso de empate na puntuación final das persoas aspirantes na quenda de promoción interna, aplicarase a seguinte orde de criterios de desempate:

1. Maior puntuación na fase de oposición.
2. Maior puntuación en cada un dos exercicios da fase de oposición, pola orde establecida na convocatoria.
3. Maior puntuación na fase de concurso.
4. Maior puntuación nos epígrafes do baremo de méritos, pola orde establecida na convocatoria.
5. Preferencia pola persoa aspirante do sexo feminino, no caso de verificarse a súa infrarrepresentación no corpo, escala, grupo ou categoría obxecto da convocatoria, sempre que concorran méritos iguais entre dúas ou máis persoas candidatas. Entenderase que existe infrarrepresentación cando se constate unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes. Esta preferencia aplicarase agás que, considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nas persoas candidatas de ambos sexos, existan motivos non discriminatorios que xustifiquen a preferencia por outra persoa aspirante.
6. Por orde alfabética do primeiro apelido das persoas aspirantes, comezando pola letra“M” (Resolución de 22 de xaneiro de 2026, publicada no Diario Oficial de Galicia número 16 de 26 de xaneiro de 2026), de acordo coa Base Décimo cuarta das Bases Xerais.

Número de anuncio 2026/6997

VI. ANEXO I: PROGRAMA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL (A1) PARA QUENDA LIBRE

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Estrutura. Os principios fundamentais da Constitución: a soberanía, a división de poderes, a representación política, a participación política. A reforma constitucional.

Tema 2.- Dereitos e liberdades establecidos na Constitución; especial referencia aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas. Garantías e tutela dos dereitos e liberdades. A suspensión de dereitos.

Tema 3.- A Constitución española: Os principios reitores da política social e económica: natureza xurídica: os dereitos derivados dos principios reitores.

Tema 4.- As Cortes Xerais: composición, organización e funcionamento. Función; especial referencia á función lexislativa.

Tema 5.- O Goberno: Composición. Procedemento do nomeamento e cesamento. As funcións constitucionais do Goberno: A función normativa; a función política; a función administrativa.

Tema 6.- Órganos de control da Administración: O Tribunal de Contas e o Defensor do Pobo.

Tema 7.- O Poder Xudicial: regulación constitucional da xustiza. Ordes xurisdicionais e órganos xudiciais. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Ministerio Fiscal. O Tribunal do Xurado.

Tema 8.- O Tribunal Constitucional: Natureza. Composición. Organización. Competencias. Conflitos en defensa da autonomía local.

Tema 9.- A organización territorial do Estado na Constitución. O Estado das Autonomías. Organización básica das Comunidades Autónomas. Os Estatutos de Autonomía.

Tema 10.- O sistema de distribución de competencias entre o Estado e as Comunidades Autónomas. As relacións entre o Estado e as Comunidades Autónomas.

Tema 11.- A modificación extraestatutaria das competencias autonómicas: leis marco, de transferencia e delegación e de harmonización. A reserva de competencias ao Estado: normativa básica; a atribución estatutaria de competencias; a cláusula de peche do artigo 149.3.

Tema 12.- A autonomía galega: orixe e evolución. O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e procedemento de reforma. Poderes da Comunidade Autónoma: o Parlamento, a Xunta e o seu Presidente. As competencias de Galicia e o seu réxime xurídico. Consello de Contas. Valedor/a do Pobo.

Tema 13.- Orixe e evolución da Unión Europea. Organización institucional da Unión Europea: composición e competencias. O Comité das Rexións. O Congreso de Poderes Locais e Rexionais de Europa.

Tema 14.- O Dereito da Unión Europea: principios informadores. Fontes: Tratados e dereito derivado. As directivas e os regulamentos comunitarios. As decisións, recomendacións e ditames. Posición dos tratados internacionais e do dereito da Unión Europea no sistema de fontes: principios de efecto directo, primacía e subsidiariedade.

Tema 15.- Fontes do ordenamento xurídico español. A lei: concepto e clases. O costume. Os principios xerais do dereito. Valor da xurisprudencia. A constitución como fonte do Dereito.

Tema 16.- A Administración Xeral do Estado. Organización Central: órganos superiores e órganos directivos. Organización Territorial: Delegados e Subdelegados do Goberno nas Comunidades Autónomas. A Administración Xeral do Estado no exterior.

Tema 17.- O sector público institucional. Os consorcios.

Tema 18.- Os órganos administrativos. Especial referencia aos órganos colexiados. A competencia dos órganos administrativos: criterios de distribución e técnicas de translación.

Tema 19.- A Administración Pública e o Dereito. O principio de legalidade da Administración. As potestades administrativas: concepto. Potestades reguladas e discrecionais. Límites e control da discrecionalidade; a desviación do poder. Os conceptos xurídicos indeterminados.

Tema 20.- O regulamento: concepto e clases. Fundamento e límites da potestade regulamentaria. O procedemento de elaboración dos regulamentos.

Tema 21.- A eficacia normativa do regulamento: a inderogabilidade singular. Os actos administrativos xerais e as instrucións e ordes de servizo. Regulamentos ilegais: a súa impugnación.

Tema 22.- Os principios de reserva de lei, de xerarquía normativa e de competencia. Nulidade de pleno dereito das disposicións administrativas por infracción destes principios.

Tema 23.- A relación xurídico-administrativa: concepto e suxeitos. As persoas ante a actividade da administración: dereitos e obrigas. A obrigatoriedade de termos e prazos.

Número de anuncio 2026/6997

Tema 24.- O administrado. Situacións xurídicas activas: dereito subxectivo e interese lexítimo; situacións xurídicas pasivas: deberes, obrigas e cargas.

Tema 25.- Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.

Tema 26.- A transparencia da actividade pública. Publicidade activa.

Tema 27.- O dereito de acceso á información pública. A protección dos datos de carácter persoal.

Tema 28.- O funcionamento electrónico do sector público e as relacións electrónicas entre as Administracións Públicas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, reguladora do Réxime Xurídico do Sector Público.

